

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15009071	CPI Castro Baxoi	Miño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Cultura clásica	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

1. Introducción

A materia de Cultura Clásica comprende unha bagaxe de coñecementos cuxo eixe central vén constituído polo modo de entender o mundo e o ser humano que tiñan as civilizacións grega e romana. É sabido que as manifestacións desa cultura converxen en varios campos da acción e do pensamento humano, nunha secuencia temporal que chega ata hoxe mesmo e que se estende desde a filosofía e o dereito ata as linguas de moitos países e as súas literaturas, e desde as cidades e a súa organización, o deporte, a educación, ata o mundo da arte, o urbanismo e a vida cotiá. Os froitos da cultura clásica son, polo tanto, unha serie de valores cívicos, sociais e estéticos que determinan en gran medida o modo do ser do ser humano actual, de tal maneira que ese substrato cultural constitúe un elemento vivo na civilización occidental que permite tanto a continuidade na práctica deses valores como o entendemento por parte da cidadanía da súa pertenza a unha tradición de pensamento que está por encima das propias fronteiras dos estados. Búscase un achegamento á reflexión e análise sobre as bases nas que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciábel para a cidadanía europea.

O currículo da materia Cultura Clásica contribúe de modo directo á adquisición de competencias fundamentais, como é o caso da competencia en comunicación lingüística; a aproximación ao grego e ao latín, como linguas que seguen presentes nas linguas románicas e en moitas das linguas faladas en Europa, algunhas delas dentro da contorna cultural do alumnado, permite aumentar os coñecementos e as destrezas lingüísticas e contribúe á lectura comprensiva de textos diversos e á expresión oral e escrita. Así mesmo, a contribución de Cultura Clásica para desenvolver outras competencias como a cidadá ou a competencia en conciencia e expresións culturais lógrase mediante o coñecemento do amplo e rico patrimonio cultural, artístico e arqueolóxico grecolatino en Europa, que potencia o gozo estético da arte e fomenta o interese pola súa conservación e a obriga moral da súa transmisión ás xeracións vindeiras. Igualmente, mediante o coñecemento dos grandes clásicos da literatura grega e latina permítese unha mellor interpretación da literatura posterior, na que perduran temas, arquetipos, mitos e tópicos, á vez que se desenvolve o interese pola lectura e se consolida o hábito lector.

Por outra banda, unha visión global da xeografía e da historia de Grecia e Roma impulsará o alumnado a comprender os procesos de cambio desde o mundo antigo ata a actualidade, traballando, tamén, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, que capacitan para a análise de fenómenos complexos, o razoamento lóxico e o rigor científico.

O emprego das novas tecnoloxías da información e da comunicación no mundo actual debe entenderse como unha vantaxe para o labor cotián na aula, traballando, deste xeito, a competencia dixital. A procura de información guiada polo profesorado facilita o desenvolvemento do espírito crítico e o achegamento persoal ao coñecemento. Nesta liña, tamén hai que salientar a importancia do traballo da competencia en aprender a aprender, xa que o alumnado está iniciándose na selección, na avaliación, na comprensión e na produción de información cada vez máis complexa. A perseveranza, os hábitos de estudo, a autonomía e o traballo en equipo son capacidades que se poden afianzar neste capítulo.

Os criterios de avaliación e contidos da materia articúlanse en bloques pertencentes aos seguintes ámbitos temáticos: Marco xeográfico, a relixión e os cultos públicos e privados, a mitoloxía, a arte grecolatina, a literatura, a sociedade e a vida cotiá, a muller na Antigüidade, os valores cívicos, a lingua e a herdanza clásica. En todos os bloques fica implícito o estudo inescusable do mantemento do legado clásico na actualidade, co que se pretende analizar todos os elementos desta herdanza clásica que continúan a ser referentes na nosa cultura en múltiples esferas do coñecemento e da vida cotiá.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	2		4			1		
OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.				2	3-4-5			1-2
OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.								1-2
OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	2					1-2		
OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	4	2-3						
OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xeografía de Grecia e do Imperio Romano	Marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia. Localización nun mapa en	9	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xeografía de Grecia e do Imperio Romano	soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	9	10	X		
2	Historia de Grecia e do Imperio Romano	Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. Presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.	9	10	X		
3	Mitoloxía grecorromana	Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Pervivencia da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade.	10	10	X	X	X
4	Arte grecorromana	Fundamentos e etapas da arte clásica. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. Presenza da civilización grecolatina nas artes.	10	10	X	X	X
5	Política	Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. Presenza da civilización grecolatina na organización política actual.	7	6	X		
6	Sociedade	Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. Presenza da civilización grecolatina na organización social actual.	9	9		X	
7	Espectáculos públicos	O teatro en Grecia e Roma Outros espectáculos e lecer	8	8			X
8	Familias lingüísticas	As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. As linguas romances.	8	8		X	
9	Escritura	Historia da escritura. Tipos de escritura,	8	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Escritura	materiais e soportes. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.	8	8		X	
10	Helenismos e latinismos. Expresións.	Composición e derivación culta de orixe grega e latina.As expresións. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	8	8			X
11	Literatura	Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.	8	8			X
12	A herdanza da cultura clásica	Pervivencia do mundo clásico na cultura e sociedade actual.	6	10	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Xeografía de Grecia e do Imperio Romano	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Describir axeitadamente en formato papel ou en liña a maioría das localizacións propostas	PE	40
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Localizar en mapas en formato papel ou en liña as localizacións propostas.	TI	60

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.

UD	Título da UD	Duración
2	Historia de Grecia e do Imperio Romano	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Identificar e relacionar en orde cronolóxica cada unha das etapas históricas e coñecer, cando menos, algunha característica identificativa.	PE	40
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Coñecer e identificar algunha das características propostas da romanización.		
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Identificar e recoñecer algunhas características, persoeiros, feitos históricos, etc. e saber elaborar un eixe cronolóxico coas datas propostas.	TI	60

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. - Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.

UD	Título da UD	Duración
3	Mitoloxía grecorromana	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Identificar grazas aos atributos das divindades o nome das principais deusas e deuses, a súa área de influencia e relacións entre eles e elas.	PE	40
CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Describir e distinguir os indicadores que diferencian o culto público do privado.		
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Recoñecer, cando menos, máis da metade dos mitos e heroes propostos, atopando semellanzas con outras mitoloxías.	TI	60
CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	O alumnado deberá atopar algunha semellanza e conexión entre a relixión grega e as actuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. - Relixión romana: culto público e privado.

UD	Título da UD	Duración
4	Arte grecorromana	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Distinguir algunhas características da arte clásica e relacionalas con obras artísticas actuais	PE	40
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Identificar en edificios singulares características da arquitectura grecorromana		
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	Recoñecer e identificar características da escultura grecorromana en obras representativas		
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	Recoñecer e identificar características do urbanismo romano especialmente na actualidade.	TI	60
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Localizar algunha das construcións clásicas que se conservan en España e no resto de Europa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos e etapas da arte clásica. - Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. - Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. - Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. - Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto.

UD	Título da UD	Duración
5	Política	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Identificar características da organización política grecorromana e establecer a súas semellanzas e diferenzas cos sistemas políticos actuais.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións.

UD	Título da UD	Duración
6	Sociedade	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	Coñecer os membros da familia e describir o papel que desempeñan.	PE	40
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	O alumnado deberá demostrar que coñece algúns dos trazos máis salientables da vida cotiá grecorromana.		
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	Distinguir e clasificar características das clases sociais en textos propostos	TI	60

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude.
- A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller.
- Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.

UD	Título da UD	Duración
7	Espectáculos públicos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Identificar e comparar algunha das formas de lecer da antigüidade clásica co mundo actual.	PE	40
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Identificar e comparar algunha das manifestacións deportivas da antigüidade clásica co mundo actual.	TI	60

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.

UD	Título da UD	Duración
8	Familias lingüísticas	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	O alumnado deberá identificar, distinguir, recoñecer e relacionar algunhas das linguas europeas e as súas familias.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.
- As linguas romances.
- Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.

UD	Título da UD	Duración
9	Escritura	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	O alumnado deberá distinguir, comprender e recoñecer os sistemas de escritura propostos e os seus elementos gregos e latinos.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. - Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.

UD	Título da UD	Duración
10	Helenismos e latinismos. Expresións.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	O alumnado deberá distinguir e identificar termos cultos e patrimoniais e os fenómenos fonéticos da súa evolución.	TI	100
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	O alumnado deberá utilizar con propiedade a terminoloxía proposta en textos escritos.		
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúde e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	Atopar elementos da presenza de latinismos e helenismos na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Composición e derivación culta de orixe grega e latina. - Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. - Fórmulas básicas de saúde e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.

UD	Título da UD	Duración
11	Literatura	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	O alumnado deberá identificar e relacionar as características dos xéneros literarios grecolatinos en textos propostos.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.

UD	Título da UD	Duración
12	A herdanza da cultura clásica	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Recoñecer, cando menos, máis da metade dos mitos e heroes propostos, atopando semellanzas con outras mitoloxías.	TI	100
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Distinguir algunhas características da arte clásica e relacionalas con obras artísticas actuais.		
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Identificar características da organización política grecorromana e establecer a súas semellanzas e diferenzas cos sistemas políticos actuais.		
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Identificar e comparar algunha das formas de lecer da antigüidade clásica co mundo		
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Identificar e comparar algunha das manifestacións deportivas da antigüidade clásica co mundo actual.		
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	O alumnado deberá distinguir, comprender e recoñecer os sistemas de escritura propostos e os seus elementos gregos e latinos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	O alumnado deberá distinguir, comprender e recoñecer os sistemas de escritura propostos e os seus elementos gregos e latinos.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos dos sistemas políticos clásicos na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Atopar elementos da mitoloxía clásica nas manifestacións artísticas actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Atopar e identificar elementos da presenza clásica na civilización actual a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da presenza clásica na contorna a través de investigacións en internet e na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. - Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. - Os espectáculos públicos en Grecia e Roma. - Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Planéase o deseño de actividades variadas e unha metodoloxía aberta e adaptada ás características do noso alumnado. A idoneidade de incluír vínculos de coñecemento através de cuestións de actualidade relacionados cos contidos da materia, de maneira atractiva e lúdica.

- Lecturas de textos clásicos ou referidos ao mundo grecorromano
- Incentivar a participación na aula do alumnado a través da expresión de ideas e reflexións, facendo especial fincapé no desenvolvemento da capacidade comunicativa
- Uso das tecnoloxías informáticas para a busca de información como ferramenta de traballo, consulta e exercicio interactivo. Desenvolvendo unha dinámica ben enfocada na procura, selección, interpretación e presentación da

información.

- Recursos como a cartografía e a elaboración de eixes cronolóxicos tanto en formato papel como mediante recursos en liña, aplicacións que permiten percorridos virtuais polas localizacións máis destacadas do mundo grecorromano e visualizar vídeos sobre os contidos
- Emprego de técnicas de aprendizaxe cooperativa, nas que o alumnado terá a oportunidade de interactuar nun contexto académico. Co deseño de grupos de traballo con capacidade de perfilar os seus obxectivos e resultados con responsabilidade.
- Multidisciplinariedade: relacións con outras materias do currículo, especialmente coas do eido humanístico: Latín, Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira, Filosofía, Historia da Arte, Historia, Xeografía, Antropoloxía, etc. O tratamento do léxico e dalgúns temas de legado permitiranos achegarnos a materias do eido científico como Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas, Tecnoloxía, etc.
- Contémplase o deseño de proxectos significativos para o alumnado, a clase invertida (flipped classroom), a aprendizaxe colaborativa, a ludificación, etc. que permitan maximizar o tempo útil de traballo práctico na aula, optimicen resultados e fagan o proceso de ensinanza máis inclusivo e dinámico.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula Virtual do centro
Contidos Edixgal
Materiais de contido teórico e actividades asociados a cada unidade didáctica

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Este tipo de avaliación está integrado por unha serie de actividades que se aplica ao comezo do curso escolar e que atende á detección do grao de adquisición das destrezas básicas a nivel competencial, e dalgúns contidos que se requiren para o curso. Tras a realización desta proba e a observación sistemática dos alumnos nos primeiros días, estableceranse medidas de apoio individuais e de grupo na sesión de preavaliación.

A data prevista para a avaliación inicial na materia será sempre dentro das dúas primeiras semanas lectivas do curso. A proba consistirá na realización dunha serie de actividades, por escrito, tipo test, comentarios de textos, vocabulario, etc., relacionados cos estándares avaliábeis previstos para as materias e os cursos impartidos polo noso departamento.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	10	10	7	9	8	8	8	8
Proba escrita	40	40	40	40	0	40	40	0	0	0

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	10	10	7	9	8	8	8	8
Táboa de indicadores	60	60	60	60	100	60	60	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	6	100
Proba escrita	0	0	22
Táboa de indicadores	100	100	78

Criterios de cualificación:

Será o profesorado o que determine o número de probas específicas ao longo do curso, realizando como mínimo dúas probas (exames) por avaliación. Cada unidade didáctica poderá incluír, á parte da proba de avaliación, unha rúbrica da tarefa de cada unidade, avaliando ademais o esforzo do alumnado por medio da realización de actividades nas cales se poñan en práctica os contidos explicados.

Os instrumentos que permitirán a realización da avaliación continua serán diversos:

- As actividades de aprendizaxe e dinámica de clase, tanto individual como grupais.

Contémpase unha diversidade de actividades que permita por unha parte ao alumno asimilar os contidos que se están traballando, e por outra parte ao profesor avaliar o grao de consecución dos obxectivos, detectar dificultades, atender á diversidade...

-Actividades e intervencións realizadas na aula, exercicios grupais... Moitas delas a través da Aula Virtual, e tamén as realizadas no caderno do alumno no desenvolvemento de cada unidade.

-Traballos de investigación en relación con Plan TICs, individuais ou grupais, que permitan desenvolver a competencia dixital. O profesorado deixará constancia no seu caderno do interese, esforzo e actitude do alumno na aula.

-As probas escritas de avaliación (polo menos dúas por avaliación). A profesora cos alumnos fixará a data de realización das mesmas, que serán, salvo circunstancias de forza maior e de carácter excepcional, inamovibles. Poderán tamén programarse probas realizables pola plataforma Moodle/Aula Virtual. Se algún alumno non asiste á clase a data fixada para o exame deberá avisar ao profesor e xustificar conforme ás NOFs do centro a falta. Se o alumno ou a súa familia non realiza estes trámites, ou non o fai xusto ao incorporarse de novo ao centro, a profesora considerará ou non a repetición da proba ou a súa realización co exame de recuperación do trimestre correspondente.

Avaliación final.

Un alumno ou alumna supera o curso cando se dean unha destas situacións:

1. Cando teña as tres avaliacións aprobadas. A nota final deste alumnado será unha media aritmética das tres notas trimestrais acadadas polo alumno antes do redondeo da nota que aparece no boletín.

2. Cando teña algunha avaliación suspensa (1ª ou 2ª) pero recuperada. Para o cálculo da nota final terase en conta a nota da proba de recuperación da avaliación suspensa. Así, a nota final

será a media aritmética das notas das avaliacións aprobadas (antes do redondeo) e da nota da proba de recuperación.

3. Cando teña algunha avaliación suspensa e non recuperada, ou suspensa a 3ª avaliación, procederase da seguinte forma:

1. Se a media da/das avaliación/avaliacións aprobadas ou recuperadas e da/das avaliación/avaliacións suspensas ou non recuperadas é igual ou superior a 5, a materia será considerada como superada.

2. Se esa media é inferior a 5, o alumno ou alumna poderase presentar a unha proba final coa avaliación ou avaliacións suspensas e non recuperadas, que terá lugar no mes de xuño antes do remate das clases. A partir do resultado desta proba procederase das seguintes formas:

- Se ten unha avaliación positiva nesta proba, isto suporá a recuperación desa avaliación. Neste caso, a nota final será a media aritmética das notas das avaliacións aprobadas (antes do redondeo) e da proba final.

- Se a proba final é dos contidos das tres avaliacións, é dicir que non aprobara ou recuperara ningunha avaliación, a superación de dita proba supoñerá un 5 na nota final, considerándose a materia superada.

- Se a avaliación desta proba final é negativa, considerarase que a materia non está superada. A nota final será a media das tres avaliacións. Se a nota desta proba final é superior á obtida na avaliación correspondente, a media farase coa máis alta. Só neste caso, de forma excepcional, se a media das tres avaliacións fose igual ou superior a 5 procederase como no apartado a)

- Se a avaliación desta proba final é negativa e a nota final resultado da media das tres avaliacións tal como se describe no apartado anterior, é inferior a 5, a materia se considerará como suspensa ou non superada.

Para o cálculo das notas finais das avaliacións trimestrais e final, terase en conta o redondeo a partir do 0,75, é dicir, un 5,75 será

un 6, un 7,75 será un 8, etc, sempre que a avaliación sexa positiva. No caso das avaliacións trimestrais, do 4,75 farase o redondeo ao 5 sempre que todas as actividades desa avaliación estean entregadas, e ao menos un dos exames aprobados, ou os dous cunha nota, cada un, de 4 ou máis. Na avaliación final, o redondeo ao 5 farase sempre a partir do 4,75.

As porcentaxes na valoración dos instrumentos de avaliación son as seguintes:

- Actividades de aprendizaxe e de dinámica de aula _____ Observacións, correccións na aula 60% da nota.
- Probas de avaliación _____ Realizaráse polo menos 2 por avaliación. 40% da nota.

Criterios de recuperación:

Cando un alumno non aprobe unha avaliación programárase unha proba escrita de recuperación por avaliación. O obxectivo desta proba é que o alumno/a recupere o trimestre suspenso. Os contidos obxecto desta proba serán todos os impartidos nesa avaliación. A nota da proba de recuperación, no caso de ser positiva, será a que se teña en conta á hora calcular a nota final ou ordinaria. No caso de que sexa negativa, para achar a nota final ou ordinaria, terase en conta a nota maior entre a media da avaliación suspensa e a da recuperación. En principio, e tendo en conta a organización do curso, as probas de recuperación da 1ª e 2ª avaliación realizaranse ao inicio da seguinte avaliación. No caso da recuperación da 3ª avaliación farase no mes de xuño coas probas finais.

Para os alumnos que non superen algunha ou as tres avaliacións despois das recuperacións, programárase unha proba final en xuño. A valoración da mesma farase segundo o recollido no apartado anterior de criterios de cualificación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No curso 2022-2023 non hai alumnado coa materia de Cultura Clásica pendente. De incorporarse algún alumno ao longo do curso con ela, procederase segundo os criterios recollidos nesta programación na materia de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.

6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, seguindo o artigo 52 da Orde do 8 setembro 2021 de atención á diversidade no que se regula o plan específico personalizado para este alumnado.

Sendo a Cultura Clásica unha materia optativa, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno ou alumna, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos.

Contémplase neste apartado:

- Medidas de reforzo (proposta de actividades de reforzo, lectura comprensiva, diversificación de procedementos de avaliación)
- Metodoloxías participativas.
- Medidas de afondamento
- Medidas metodolóxicas de ampliación.

No caso de que algún alumno ou alumna presente unha situación que faga necesaria unha adaptación curricular significativa, o que implicará modificacións de elementos de prescrición do currículo como os obxectivos, contidos ou criterios de avaliación, mesmo no que se refire a concrecións metodolóxicas, aínda que esta medida só se tomará despois de explorar todas as posibilidades ordinarias. A adopción deste proceder será autorizada por Inspección Educativa e tras este paso decidirase que elementos do currículo deberán ser modificados. Nestes casos, a avaliación axustarase aos criterios individualizados establecidos na adaptación curricular, tendo sempre como referente os obxectivos da etapa á hora da promoción.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X		X	X	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial						X		
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X	X		X	X		
ET.7 - Educación emocional e en valores		X	X		X	X		
ET.8 - Igualdade de xénero					X	X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - A creatividade			X	X		X		
ET.10 - A educación para a paz		X			X	X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital		X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial				
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X		X
ET.7 - Educación emocional e en valores			X	X
ET.8 - Igualdade de xénero				X
ET.9 - A creatividade			X	X
ET.10 - A educación para a paz				X

Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, a xustiza, a igualdade, ao pluralismo político, a paz e a democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

É importante mencionar o interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesora.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a Lugo	Actividade proposta en coordinación con outras materias			X

Observacións:

Apartado aberto a algún ha actividade, exposición, ou charla que poida programarse durante o curso, na contorna.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación axeitada: temporalización, adecuación e nivel de dificultade.
Obxectivos acadados e selección de contidos
Resultados das MAD
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación e acceso de materiais
Medidas de atención á diversidade
Desenvolvemento de temas transversais e actividades complementarias
Clima de traballo na aula
Grao de motivación, progreso, participación e reflexión de resultados

Descrición:

No ítem 1- Anotacións e seguimento na planificación do caderno do profesor.

Para os ítems 1 e 2 empregaranse cuestionarios propostos ao remate de cada u ha das sesións de avaliación.

Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para os indicadores do grupo 3 a 6 ao final de curso.

Os resultados e valoracións axudarán a implementar o proceso e elaborar unha proposta de mellora en cursos vindeiros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A nosa programación constitúese como un instrumento aberto que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes. Para isto seguiranse as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e atendendo ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación revisarase nas reunións que o Departamento celebra, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das sesións de avaliación. Na revisión valoraranse os seguintes elementos:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Metodoloxía planeada.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.

- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

9. Outros apartados